

OS SOCIALISTAS DENUNCIAN QUE O GOBERNO DO PP É RESPONSABLE DE QUE CADA FAMILIA DE CERVO PAGUE 500 EUROS Ó ANO POLA AUGA

Destacan que “dende o 2012, ano que consentiron a privatización deste servizo coa firma do Consorcio de augas Cervo-Burela, o prezo da auga incrementouse nun 40%”

Os cervenses pagan dobremente pola auga, “ós cartos que saen do peto dos veciños por cada factura, temos que sumarlle a parte proporcional do que paga anualmente o Concello ó propio Consorcio co diñeiro público”

CERVO, 14 DE FEBREIRO.- Concluído o ano 2013, os socialistas de Cervo fan balance do gasto que supón para os veciños de Cervo o servizo de abastecemento de auga, “coas facturas enriba da mesa, cada familia cervense paga de media uns 500 euros anuais pola auga”.

Tanto é así que “se chegará a converter nunha cuestión de luxo”, dende o Grupo Municipal Socialista subliñan que “este equipo de goberno que presumiu e presume de facer xestións para garantir un servizo público de auga, non fai máis ca mentirlle ós veciños. Día a día comprobamos que a firma do Consorcio de augas Cervo-Burela só foi o pretexto para a privatización do servizo e a consecuente subida do seu prezo”.

Lembran que dende o 2012 “curiosamente ano no que se pon en funcionamento este Consorcio, o custo da auga incrementouse nun 40%”.

Pagar dobremente pola auga

Ademais, a privatización deste servizo provoca que “os veciños de Cervo estén pagando dobremente pola auga. Por un lado, o que sae do peto de cada familia por cada factura e por outra banda, o que o Concello paga anualmente a este Consorcio, de media uns 180.000 euros”.

Por todo, os socialistas insisten en que “se ós 350 euros que pagamos de media por tódolos recibos dun ano, lle sumamos a parte proporcional destes 180.000 euros que asume o Concello, diñeiro das arcas municipais que aportamos todos, unha familia de tres membros chega a pagar unha media duns 500 euros cada ano polo servizo da auga”.

Con estas contas, os membros do GMS denuncian que “as políticas deste goberno do Partido Popular atacan dobremente á economía dos nosos veciños e teñen demostrado que pretenden favorecer a privatización dos servizos públicos a costa dos cartos de todos nós, do empobrecemento da cidadanía. O poder adquisitivo da poboación baixa porque os salarios e pensións non se incrementan e só suben os impostos e o custo dos servizos máis básicos. Estamos sendo dobremente atacados, non podemos consentir que esta situación quede sen saír á luz”.